



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E A FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN PARA
O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA E DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN CIVIL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa Federación Gallega de la Construcción o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Federación Gallega de la Construcción para o intercambio da información necesaria para o desenvolvemento dos traballos da Axencia, así como ter un maior coñecemento do sector da construción civil que redunde nunha mellora e axilización dos procedementos da Axencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Federación Gallega de la Construcción leva 30 anos realizando o seguimento da contratación da obra pública na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo a información dende o inicio do procedemento de contratación ata a súa adxudicación e posterior formalización, polo que dispón dunha base de datos en materia de obra pública que podería ser de gran utilidade para o desenvolvemento das funcións da axencia. Así





mesmo, proporciona asistencia xurídica e técnica ás empresas construtoras e ten unha imaxe fidedigna da situación do sector.

A información sobre o sector da construción civil e da obra pública da que dispón a Federación Gallega de la Construción é de grande utilidade para o desenvolvemento das funcións que ten atribuídas a Axencia Galega de Infraestruturas polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2019

